



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020



CENTRO: IES MONTE CASTELO
CURSO: 1º BACHARELATO
MATERIA: LATÍN
DEPARTAMENTO: LATÍN E GREGO
DATA: 08/05/2020



ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.6. Coñecer e aplicar as regras fundamentais da evolución fonética, e recoñecer os procesos de evolución semántica do latín ao galego e ao castelán partindo dos étimos latinos.	LA1B1.6.1. Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán, aplicando as regras fonéticas de evolución, e recoñece palabras da súa lingua que sufriron procesos de evolución semántica. CCL CAA
B3.4. Coñecer as declinacións, encadrar as palabras dentro da súa categoría e declinación, enuncialas e declinalas correctamente.	LA1B3.4.1. Enuncia e declina correctamente substantivos, adxectivos e pronomes en latín, distinguíndoos a partir do seu enunciado e clasificándoo segundo a súa categoría e a súa declinación. CCL LA1B3.4.2. Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente. CCL
B3.5. Coñecer as conxugacións, encadrar os verbos dentro da súa conxugación, enuncialos e conxugalos correctamente	LA1B3.5.1. Clasifica verbos segundo a súa conxugación partindo do seu enunciado e describe os trazos polos que se recoñecen os modelos de flexión verbal. CAA CCL LA1B3.5.2. Coñece e identifica as formas que compoñen o enunciado dos verbos de paradigmas regulares e recoñece a partir destas os modelos de conxugación. CCL LA1B3.5.3. Conxuga os tempos verbais máis frecuentes en voz activa e pasiva, aplicando correctamente os paradigmas correspondentes. CCL
B3.6. Analizar o funcionamento dos temas verbais latinos de presente e de perfecto, e recoñecer as formas dos tempos verbais formados a partir deles, tanto en voz activa como en voz pasiva	LA1B3.6.1. Explica o uso dos temas verbais latinos, identificando correctamente as formas derivadas de cada un. CAA CCL LA1B3.6.2. Cambia de voz as formas verbais identificando e manexando con seguridade os formantes que expresan este accidente verbal.

	CD CCL
B3.8. Traducir ao galego e ao castelán as formas verbais latinas, e comparar os sistemas verbais.	LA1B3.8.1. Traduce correctamente ao galego e ao castelán formas verbais latinas, e compara os tempos e os modos verbais presentes no latín cos do galego e os do castelán. CCL CAA
B4.1. Coñecer e analizar as funcións das palabras na oración.	LA1B4.1.1. Analiza morfolóxicamente e sintácticamente frases e textos de dificultade graduada, identificando correctamente as categorías gramaticais presentes nas palabras con flexión e explicando as funcións que realizan na oración. CMCCT CCL
B4.2. Coñecer os nomes dos casos latinos, identificar as principais funcións que realizan na oración e saber traducir os casos á lingua materna adecuadamente.	LA1B4.2.1. Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal e pronominal latina, explica as súas funcións dentro da oración e ilustra con exemplos a forma axeitada de traducilos. CAA CCL
B4.3. Recoñecer as regras de concordancia na lingua latina e a súa correspondencia no galego e no castelán.	LA1B4.3.1. Recoñece nos textos as regras e a concordancia latina, e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso. CCL
B4.4. Recoñecer e clasificar os tipos de oración simple	LA1B4.4.1. Compara e clasifica tipos de oracións simples, e identifica e explica en cada caso as súas características. CMCCT CCL
B4.5. Distinguir as oracións simples das compostas e, dentro destas últimas, as coordinadas das subordinadas.	LA1B4.5.1. Distingue as oracións simples das compostas e, dentro destas últimas, as coordinadas das subordinadas, os seus tipos e os nexos que as caracterizan, e sinala exemplos que expliquen en cada caso as súas características. CAA CCL
B5.1. Coñecer os feitos históricos das etapas da historia de Roma, encadralos no seu período correspondente e realizar eixes cronolóxicos	LA1B5.1.1. Describe o marco histórico en que xorde e se desenvolve a civilización romana, sinala períodos dentro del e identifica en cada un as conexións máis importantes que presentan con outras civilizacións CCEC CCL CSC LA1B5.1.2. Distingue as etapas da historia de Roma, explicando os seus

	<p>trazos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras.</p> <p>CSC CSIEE CCEC</p> <p>LA1B5.1.3. Sabe enmarcar determinados feitos históricos na civilización e no período histórico correspondente, ponos en contexto e relaciónaos con outras circunstancias contemporáneas.</p> <p>CAA CSC</p> <p>LA1B5.1.4. Pode elaborar eixes cronolóxicos nos que se representan fitos históricos salientables, consultando diferentes fontes de información.</p> <p>CD CMCCT</p> <p>LA1B5.1.5. Describe os principais fitos históricos e os aspectos máis significativos da civilización latina, e analiza a súa influencia no devir histórico posterior.</p> <p>CSC CSIEE CCL</p>
<p>B5.5. Coñecer os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina.</p>	<p>LA1B5.5.1. Identifica os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinalando os trazos que os caracterizan, os seus atributos e o ámbito de influencia, explica a súa xenealoxía e establece relacións entre os deuses.</p> <p>CCEC CD</p> <p>LA1B5.5.2. Identifica deuses, semideuses e heroes dentro do imaxinario mítico, e explica os principais aspectos que diferencian uns dos outros.</p> <p>CCEC CD CCL</p>
<p>B6.1. Coñecer e aplicar os coñecementos fonolóxicos, morfolóxicos, sintácticos e léxicos da lingua latina para a interpretación, a tradución e a retroversión de textos de dificultade progresiva</p>	<p>LA1B6.1.1. Utiliza adecuadamente a análise fonética, morfolóxica, sintáctica e semántica de textos de dificultade graduada, para efectuar correctamente a súa tradución ou retroversión.</p> <p>CCL CAA</p>
<p>B6.3. Utilizar correctamente manuais e dicionarios, recoñecendo e analizando toda a información que proporcionan.</p>	<p>LA1B6.3.1. Utiliza correctamente o dicionario, analizando e valorando correctamente a información gramatical incluída nos seus manuais e nas súas entradas, e localiza o significado de palabras que entrañen dificultade, identificando entre varias acepcións o sentido máis axeitado</p>

	para a tradución do texto. CAA CCL
B6.4. Realizar a través dunha lectura comprensiva a análise e o comentario do contido e da estrutura de textos latinos orixinais, adaptados ou traducidos.	LA1B6.4.1. Realiza comentarios sobre os principais trazos dos textos seleccionados e sobre os aspectos culturais presentes neles, aplicando para iso os coñecementos adquiridos previamente nesta ou noutras materias. CSC CCEC CAA LA1B6.4.2. Elabora mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos, localizando o tema principal e distinguindo as súas partes. CMCCT CCL
B7.4. Identificar e explicar os elementos léxicos latinos que permanecen nas linguas dos/das estudantes.	LA1B7.4.1. Identifica a etimoloxía de palabras de léxico común da lingua propia e explica a partir desta o seu significado. CCL LA1B7.4.2. Relaciona palabras da mesma familia etimolóxica ou semántica. CAA CD CCL
B7.5. Coñecer o significado das principais locucións latinas de uso actual e saber empregarlas nun contexto axeitado	LA1B7.5.1. Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual e sabe empregarlas no seu contexto adecuado cando se expresa na súa propia lingua. CCL

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

2. Avaliación e cualificación

A avaliación e cualificación adáptase tendo en consideración que se realizará sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre e cando beneficie ao alumnado. Para a concreción dos criterios de avaliación e cualificación teranse en conta as aprendizaxes e competencias imprescindibles anteriormente identificados.

Avaliación	<p>Procedementos: a avaliación final centrarase na adquisición de competencias clave e dos contidos impartidos nos dous primeiros trimestres do curso, ata o día 13 de marzo, na base duns mínimos para cualificación positiva (M.C.P. ¹ recollidos a pé de páxina) e a realización dunha serie de actividades de reforzo, repaso e ampliación e probas específicas en liña, a partir da declaración do estado de alarma, que poden contribuír á mellora da nota final obtida polo alumnado e que se concretarán na entrevista semanal en liña concertada con cada un e a revisión das súas producións.</p>
	<p>Instrumentos: probas obxectivas escritas dos contidos dos primeiros trimestres do curso, tarefas escritas de reforzo e repaso de gramática, análise morfosintáctica e tradución de textos, composición e derivación, evolución fonética de termos latinos ao galego e castelán, produción de pequenos textos latinos escritos e orais, cuestionarios gramaticais e culturais, traballos de civilización e cultura e rúbricas.</p>
Cualificación final	<p>A nota final obterase da media das cualificacións da primeira e segunda avaliacións. A nota mínima para aprobar a materia será un 5.</p> <p>A cualificación final poderá verse incrementada ata un máximo de 2 puntos, por medio das actividades non presenciais que se desenvolven dende o período de alarma, coa seguinte valoración:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Ata 1 punto: a parte proporcional correspondente a media aritmética obtida das probas escritas realizadas en liña, consistentes nos contidos dos primeiros trimestres do curso, centrados na declinación de nomes, pronomes e adxectivos, conxugación de distintas formas verbais, análise morfosintáctica e tradución de pequenos textos adaptados e orixinais, evolución de termos latinos ás linguas maternas, produción de pequenos textos escritos en latín e cuestións de civilización e cultura; a valoración individual de cada unha destas probas será sobre 10 (ata 6 puntos as cuestións gramaticais e ata 4 as demais) . O alumnado que sexa descuberto copiando no desenvolvemento das mesmas obterá 0 puntos nesa proba. -Ata 1 punto as tarefas solicitadas de análise morfosintáctica e tradución de textos e cuestións gramaticais, léxicas e culturais, colgadas na aula virtual, co seguinte reparto: <ul style="list-style-type: none"> -ata 0.50 puntos a parte proporcional das tarefas solicitadas entregadas en prazo e completas; -ata 0.50 puntos a parte proporcional das tarefas solicitadas ben desenvoltas. <p>Só serán tidas en conta aquelas tarefas cuxa lexitimidade sexa demostrable.</p>



	<p>O alumnado que non consiga a puntuación mínima para aprobar a materia, a pesar da posibilidade do incremento da nota mediante as actividades realizadas durante o período de confinamento, será convocado a realización dunha proba presencial ou telemática, en función das posibilidades que permita a evolución do actual estado de alarma, antes da avaliación final de curso. Dita proba será sobre os contidos impartidos nos dous primeiros trimestres do curso. Para poder aprobar a materia con esta proba, haberá que obter unha nota mínima de 5.</p>
<p>Proba extraordinaria de setembro</p>	<p>O alumnado que non obteña unha cualificación positiva en xuño, terá que facer unha proba presencial segundo o modelo da realizada en xuño, na convocatoria extraordinaria de setembro</p> <p>No caso de non poder facerse de forma presencial, contéplase a vía telemática por videoconferencia, na data acordada polas modificacións que impidan a realización presencial.</p> <p>A nota obtida nesta proba será a súa cualificación final, sendo a mínima un 5 para aprobar a materia.</p>
<p>Alumnado de materia pendente</p>	<p>Crterios de avaliación: a avaliación centrarase na adquisición das competencias clave e dos contidos impartidos no curso anterior.</p> <p>Crterios de cualificación: ante a imposibilidade de realizar unha proba presencial nas circunstancias actuais, o alumnado será convocado a unha proba telemática baseada nos contidos do curso anterior onde deberá demostrar que acadou a súa consecución. A nota obtida neste caso, será a cualificación final, sendo a mínima un 5 para aprobar a materia.</p> <p>Daráselle ao alumnado a alternativa de entregar un caderno de actividades de repaso e recuperación dos contidos do curso anterior, tanto culturais como lingüísticos, elaborado pola docente, que deberá remitir pola vía e prazos acordados (correo electrónico e aula virtual nas datas establecidas para as probas), sendo a nota mínima para poder aprobar un 5 e tamén a máxima que poderán obter con esta opción, dada a dificultade de determinar o nivel real de consecución dos obxectivos.</p> <p>Procedementos e instrumentos de avaliación: Entrevista en liña acordada co alumnado, revisión de producións, caderno de actividades de repaso e recuperación dos contidos do curso anterior, culturais e lingüísticos e rúbricas. Proba telemática dos contidos do curso anterior ou entrega do caderno das actividades de repaso e recuperación do curso anterior.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre(recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<p>Actividades</p>	<p>-Recuperación: realización de probas presenciais ou telemáticas, en función das posibilidades derivadas da evolución do actual estado de alarma, baseadas nos contidos impartidos nos dous primeiros trimestres do curso, para aquel alumnado que non conseguise superar a materia, a pesar da posibilidade do incremento da nota mediante as actividades realizadas durante o período de confinamento, en dúas convocatorias: unha primeira proba antes da avaliación final de curso en xuño e se non a superase, unha segunda proba no mes de setembro.</p> <p>-Repaso e reforzo: actividades e probas dos contidos impartidos nos dous primeiros trimestres do curso, a modo de repaso e reforzo de declinacións, conxugacións, concordancias, análise morfosintáctica e tradución de pequenos textos adaptados e orixinais, cuestionarios, traballos e comentario de textos de cultura e civilización, exercicios de evolución fonética ás linguas maternas, derivación e composición de palabras, contextualización correcta de latinismos e derivación e composición de termos.</p> <p>-Ampliación: contemplamos a posibilidade de ampliar algún contido cultural que non requira expresamente a presenza da docente, como no caso dos contidos relacionados coa romanización ou a pervivencia do mito na nosa cultura. Así mesmo, en función da observación e comprobación directa en probas dos graos de consecución do alumnado, nos aspectos relacionados coas formas verbais persoais , poderemos facer unha iniciación ás formas non persoais do verbo, concretamente ao participio, pero sempre que nos aseguremos de que o alumnado ten dominado e ben adquiridas as formas persoais e poida progresar na súa aprendizaxe de cara o curso que ven, inda que sexa a modo introdutorio e voluntario, de xeito que fomentemos a súa capacidade para a toma de decisións e o protagonismo na construción da súa propia aprendizaxe.</p>
<p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</p>	<p>A metodoloxía será a mesma reflectida na programación didáctica do presente curso pero adaptada ás clases non presenciais, sendo as canles de comunicación empregadas a aula virtual, o correo electrónico e, nestas últimas semanas, a videoconferencia, dedicada a explicacións, consultas, dúbidas, revisión de tarefas e probas.</p> <p>Mediante ditas canles, imos publicando material de diverso tipo (apuntes, esquemas, presentacións, vídeos, audios explicativos e tarefas) do cal o alumnado debe estar pendente, polo que se lle vai avisando semanalmente a través da aula virtual e o correo electrónico, de maneira que revisará este material, irá desenvolvendo as tarefas, que debe entregar no prazo establecido, devolvéndoselle os mesmos</p>



	<p>corrixidos individualmente a través de audios e/ou arquivos de textos, no período de tempo máis breve posible, facilitando o proceso de aprendizaxe ao resolver os exercicios feitos e telos máis recentes na memoria, garantindo así unha atención personalizada e un seguimento pormenorizado do traballo do alumno. A súa vez o alumnado deberá revisar as correccións para expor as posibles dúbidas que poidan xurdir e que consultarán coa docente por medio destas canles, especialmente o correo electrónico, co que mantemos un contacto permanente como reforzo extraordinario e solución doutras cuestións e comunicacións que poidan ter que facerse.</p> <p>Nas primeiras semanas, unha parte do alumnado tivo problemas de conectividade por non contar con recursos aptos para a adaptación metodolóxica feita para o período do confinamento, tales como a falta dun ordenador ou ter que compartilo cos outros membros da familia, liña inestable ou falta dela, conciliación familiar e/ ou falta de formación e uso destes medios, polo que fomos implementando outros alternativos e resolvendo dúbidas mediante tutoriais, correo electrónico, aplicacións de suba de arquivos para o móbil, a chamada telefónica (en última instancia, para aqueles alumnos cos que non puidésemos contactar) e a videoconferencia como elemento máis unificador e de interacción entre todos nós(co grupo e individualmente cos alumnos, en función das necesidades detectadas), conseguindo de momento un seguimento medianamente constante, aínda que non perfecto, polas limitacións do servidor ou carencias e calidade do sistema de vídeo e audio que no seu caso van xurdindo e que tratamos de resolver, planificando as sesións en franxas horarias de baixa demanda de datos ou nos que o alumnado mellor poida conectarse pola súa situación concreta(sempre que é posible respéctase o horario que tiñan nas clases presenciais) e facendo un seguimento semanal desta conectividade, de maneira que detectemos o material e recursos que van necesitando para tratar de facilitarlos , na medida do posible.</p> <p>Reflectimos tamén o caso minoritario dalgúns alumnos que , ao principio da suspensión das clases presenciais , non interactuaban, pero tras comprobar que non era por falta de medios, senón a continuidade dunha actitude similar ás das clases presenciais, e con risco de abandono ante a perda de certas rutinas, falamos con eles e agora conéctanse e van traballando.</p>
<p>Materiais e recursos</p>	<p>O alumnado traballa con material elaborado pola docente que vai publicando na aula virtual (actividades de análise morfosintáctica e tradución de textos adaptados e orixinais, evolución de termos latinos ao galego e castelán e explicación dos cambios, composición e derivación, retroversións, apuntes de repaso de cultura e civilización, cuestionarios, presentacións, vídeos e audios), manuais e páxinas web.</p>



4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	O profesorado informará ao alumnado segundo a canle de comunicación que xa teña establecida. As familias serán informadas pola publicación deste documento na páxina web do centro así como por abalar móbil.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.

i

ⁱ¹ M.C.P.:

M.C.P.1.EVOLUCIÓN.-Aplica regras fundamentais de evolución fonética partindo dos étimos latinos.

M.C.P.2.MORFOLOXÍA.-Declina correctamente sintagmas e identifica e traduce correctamente ás súas linguas maternas as diferentes formas verbais estudadas.

M.C.P.3.SINTAXE.-identifica e traduce correctamente nos textos as diferentes funcións dos casos latinos, aplica a concordancia e é capaz de diferenciar e traducir oracións simples e compostas de pouca complexidade e os distintos tipos das mesmas.

M.C.P.4.CULTURA E CIVILIZACIÓN.-Coñece as etapas da historia de Roma e pode describir os feitos máis relevantes; identifica os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina.

M.C.P.5.TEXTOS.-É capaz de redactar e traducir pequenos textos en latín, fai un uso coherente do dicionario e comenta os textos.

M.C.P.6.LÉXICO.-Recoñece os étimos latinos nas súas linguas maternas e sabe empregar as principais locucións latinas de uso actual.